

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Decretos da alcaldesa. Organización municipal 2021-2023*

#### EDICTO

**Decretos da alcaldesa. Organización municipal 21-23.**

**Decreto núm. 849/2021, do 01/07/2021**

**“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.**

**Expediente electrónico:** 2021/X999/000354

**Departamento:** Alcaldía (adxunto a Secretaría)

**Expediente decreto:** 2021/G003/000875

**Procedemento:** decretos de organización

**Asunto:** cesamento membros que integran a Xunta de Goberno Local

#### ANTECEDENTES

1. Logo de ver que o Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta, en sesión realizada o 15 de xuño de 2021, debateu e votou a moción de censura, sendo elixida alcaldesa do municipio, polo que cómpre configurar un novo equipo de goberno municipal.

2. E de ver que o alcalde no decreto núm. 864/2019, do 07/07/2019 (Boletín Oficial da Provincia núm. 143, do 31/07/2019), resolveu constituír a Xunta de Goberno Local e nomear aos membros que a integran.

3. E de ver que cómpre unha reorganización para facilitar un mellor funcionamento do equipo de goberno e conseguir máis axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno por mor do interese público.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. E de ver que neste municipio é preceptiva a Xunta de Goberno Local, por superar os 5.000 habitantes, é competencia da alcaldesa nomear e cesar aos membros que a integran.

2. E de ver o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) (BOE núm. 80 do 03/04/1985), que determina que a Xunta de Goberno Local, se integra polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

3. E de ver o artigo 52.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE núm. 308, do 22/12/1986) (ROF), que establece que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento, a calquera membro da Xunta de Goberno Local).

E de ver os artigos 20.1.b, 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03/04/1985); o artigo 22 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (BOE núm. 96, do 22/04/1986); o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05/08/1997, e BOE núm. 237, do 03/10/1997) (LALGa), e os artigos 35, 41.3, 43, 46, 52, 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. O cesamento dos membros que integran a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal, nomeados polo alcalde no decreto núm. 864/2019, do 07/07/2019:

Don David Barbeira García	(Grupo mixto –CxG–)
Don José Antonio Ucha Velo	(PSdeG-PSOE)
Don Carlos Turnes Romero	(PSdeG-PSOE)
Dona Blanca María Carmen Ruzo Blanco	(PSdeG-PSOE)
Dona Jessica Antelo Álvarez	

2. O cesamento terá efecto desde a data da sinatura deste decreto, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP), ao abeiro do artigo 44 do ROF.
3. Notificar o cesamento aos interesados.
4. Comunicar este decreto aos departamentos municipais.
5. Publicar este decreto no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia e na páxina web municipal.
6. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do portal das entidades locais (seguimento de concelleiros).
7. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital.

Dou fe

A alcaldesa

A secretaria xeral

María Josefa Pose Rodríguez

Cristina Alonso Losada”

Santa Comba, 1 de xullo de 2021.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

#### **Decreto núm. 850/2021, do 01/07/2021**

#### **“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.**

**Expediente electrónico:** 2021/X999/000354

**Departamento:** Alcaldía (adxunto a Secretaría)

**Expediente decreto:** 2021/G003/000880

**Procedemento:** decretos de organización

**Asunto:** nomeamento membros que integran a Xunta de Goberno Local

#### **ANTECEDENTES**

1. Logo de ver que o Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta, en sesión realizada o 15 de xuño de 2021, debateu e votou a moción de censura, sendo elixida alcaldesa do municipio, polo que cómpre configurar un novo equipo de goberno municipal.

2. E de ver que cómpre unha reorganización para facilitar un mellor funcionamento do equipo de goberno e conseguir máis axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno por mor do interese público.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. E de ver que neste municipio é preceptiva a Xunta de Goberno Local, por superar os 5.000 habitantes, é competencia da alcaldesa nomear aos membros que a integran.

2. E de ver o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985), que determina que a Xunta de Goberno Local, se integra polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

3. E de ver o artigo 52.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE núm. 308, do 22/12/1986) (ROF), que establece que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento, a calquera membro da Xunta de Goberno Local).

E de ver os artigos 20.1.b, 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03/04/1985); o artigo 22 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (BOE núm. 96, do 22/04/1986); o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05/08/1997, e BOE núm. 237, do 03/10/1997) (LALGa), e os artigos 35, 41.3, 43, 46, 52, 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal, que quedará integrada polos membros seguintes:

**Presidenta:**

Dona María Josefa Pose Rodríguez (PP)

**Vogais:**

Dona María Esther Espasandín Turnes (PP)

Don José García Suárez (PP)

Don Manuel Andrés Iglesias Mouro (PP)

Don José Manuel Rodríguez Torreira (PP)

2. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria reunirase con periodicidade quincenal, na sala de xuntanzas da Alcaldía, na Casa do Concello, nas datas e ás horas que se indican:

**Ordinarias**

O segundo e o cuarto luns de cada mes, ás 9.00 horas (nove da mañá).

**Extraordinarias e extraordinarias e urxentes**

Cando con tal carácter sexan convocadas.

3. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo da alcaldesa, poderá este alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre a forma e os prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta pola alcaldesa para a convocatoria das sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito que coincidan coa Semana Santa, o Nadal, en día que sexa festivo ou nos períodos de vacacións, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevexa tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outro que xustifiquen razoadamente a decisión.

4. Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, da que a competencia básica é prestar asistencia e asesoramento ao alcalde no exercicio das súas atribucións, o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

a) as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

b) o outorgamento de licenzas urbanísticas de obras maiores e de apertura de establecementos, así como aprobar as liquidacións dos distintos ingresos de dereito público que poidan derivarse do outorgamento das licenzas mencionadas.

c) a resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial da administración municipal.

5. O nomeamento terá efecto desde a data da sinatura deste decreto, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP), ao abeiro do artigo 44 do ROF.

6. Notificar o nomeamento aos interesados

7. Comunicar este decreto aos departamentos municipais.

8. Publicar este decreto no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia e na páxina web municipal.

9. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do portal das entidades locais (seguimento de concelleiros).

10. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

Dou fe

A alcaldesa

A secretaria xeral

María Josefa Pose Rodríguez

Cristina Alonso Losada"

Santa Comba, 1 de xullo de 2021.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

Decreto núm. 853/2021, do 02/07/2021

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Expediente electrónico: 2021/X999/000354

Departamento: Alcaldía (adxunto a Secretaría)

Expediente decreto: 2021/G003/000881

Procedemento: decretos de organización

Asunto: nomeamento tenentes de alcalde

#### ANTECEDENTES

1. Logo de ver que o Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta, en sesión realizada o 15 de xuño de 2021, debateu e votou a moción de censura, sendo elixida alcaldesa do municipio, polo que cómpre configurar un novo equipo de goberno municipal.

2. E de ver que cómpre unha reorganización para facilitar un mellor funcionamento do equipo de goberno e conseguir máis axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno por mor do interese público.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os tenentes de alcalde existen en todos os concellos (artigo 20.1.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985), en relación co artigo 35 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (en diante ROF) (BOE núm. 237, do 03/10/1997).

2. Corresponde ao alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde (artigo 21.2 da LBRL).

3. Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local, segundo os artigo 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05/08/1997, e BOE núm. 237, do 03/10/1997) (en diante LALGA), e 46.1 do ROF.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Nomear tenentes de alcalde aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local:

##### Primeira tenente de alcalde

Dona María Esther Espasandín Turnes (PP)

##### Segundo tenente de alcalde

Don José García Suárez (PP)

##### Terceiro tenente de alcalde

Don Manuel Andrés Iglesias Mouro (PP)

##### Cuarto tenente de alcalde

Don José Manuel Rodríguez Torreira (PP)

2. Corresponde aos nomeados, na orde designada, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o/a novo/a alcalde/sa (artigos 23.2 da LBRL e 63 da LALGA).

3. Para estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante decreto, a duración da súa ausencia, designando ao tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta designación de forma expresa, esta alcaldesa será substituída pola primeira tenente de alcalde e, no seu defecto, por calquera dos outros tenentes de alcalde establecidos en segundo lugar que se atopen presentes, que deberán dar conta diso ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcalde accidental máis dun deles.

4. A efectividade desta resolución será desde o día seguinte ao da sinatura deste decreto pola alcalde.

5. Comunicar este decreto aos servizos municipais para o seu coñecemento.

6. Notificar persoalmente este decreto aos concelleiro/as designado/as, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa.

Fágolles constar que terán que manter informada a esta alcaldesa do exercicio das súas atribucións como alcalde/sa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa realizadas antes pola alcaldesa, nin outorgar outras novas.

7. Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia e na páxina web municipal.

8. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do portal das entidades locais (seguimento de concelleiros).

9. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital.

Dou fe

A alcaldesa

A secretaria xeral

María Josefa Pose Rodríguez

Cristina Alonso Losada”

Santa Comba, 2 de xullo de 2021.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

#### **Decreto núm. 854/2021, do 02/07/2021**

#### **“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.**

**Expediente electrónico:** 2019/G003/000912      **Departamento:** Alcaldía (adxunto a Secretaría)

**Expediente núm.:** 2021/G003/000883      **Procedemento:** decretos de organización

**Asunto:** delegación exercicio de atribucións xenéricas en concelleiros/as

Logo de ver a necesidade de delegar algunhas das competencias que o alcalde ten atribuídas, por mor do interese público, para o obxecto de facilitar o funcionamento do goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

O alcalde ten atribuída por lei a facultade de delegar determinadas atribucións nos concelleiros da Corporación municipal, segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985); e no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA) (DOG núm. 149, do 05/08/1997, e BOE núm. 237, do 03/10/1997).

E de ver o réxime xurídico desas delegacións que establecen os artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) (BOE núm. 236, do 02/10/2015), no uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Conferir as DELEGACIÓNS XENÉRICAS a prol dos/as concelleiros/as e para a dirección e xestión das áreas de goberno municipal que se relacionan:

#### **Servizos e Urbanismo**

Don José García Suárez

As competencias e as materias que abrangue:

- Servizos: a limpeza viaria; o abastecemento de auga domiciliario; a conservación de camiños e os viarios rurais; o alumeadado público e os sumidoiros.
- Urbanismo: as obras de urbanización e vivenda.

#### **Deportes**

Dona Silvia Cancela Blanco

As competencias e as materias que abrangue: a promoción do deporte; as actividades deportivas; as instalacións e os equipamentos deportivos e a execución de programas propios deportivos dirixidos á veciñanza.

#### **Servizos Sociais, Muller e Igualdade**

Dona Esther Espasandín Turnes

As competencias e as materias que abrangue: a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais; a execución de programas destinados á muller e os maiores; a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco ou de exclusión social; as políticas de inclusión social; o Centro Información á Muller (CIM); a igualdade; a prevención da violencia de xénero e a conciliación.

#### **Medio Rural, Medio Ambiente e Festexos**

Don José Manuel Rodríguez Torreira

As competencias e as materias que abrangue:

- Medio Rural: os programas destinados a valorizar o agro e o medio rural; as concentracións parcelarias; a recollida de animais; os edificios públicos no medio rural (agás culturais, deportivos e educativos). A execución de accións destinadas a incentivar a actividade económica no rural pola perda de poboación.
- Medio ambiente: a protección do medio ambiente; os parques e xardíns públicos; a xestión dos residuos sólidos urbanos; o tratamento de augas residuais e a protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- Festexos: a promoción e a participación nos festexos no municipio; a colaboración coas entidades promotoras de todo tipo de festexos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións das comunidades de veciños neste eido.

#### **Cultura, Educación, Turismo, Xuventude e Medios Tecnolóxicos**

Don Manuel Andrés Iglesias Mouro

As competencias e as materias que abrangue:

- Cultura: o patrimonio histórico-artístico; o fomento da lectura; a promoción da cultura e os equipamentos culturais; os roteiros culturais; a memoria histórica. Os programas destinados á infancia.
- Educación: a participación na programación e do ensino coa administración educativa; a normalización lingüística; a participación e a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.
- Turismo: a información e a orientación turística; os programas para o sector do comercio; o turismo de calidade e a permanencia orientado ao sector empresarial; o plan turístico municipal.
- Xuventude: a execución de programas destinados á xuventude; o fomento da participación en actividades municipais. A atención á mocidade.
- Medios Tecnolóxicos: a promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións; a aula Cemit.

2. As delegacións que se outorgan comprenderán exclusivamente a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que será exercida polo órgano municipal a quen corresponda a competencia, quedando, polo tanto, suxeitas ao réxime xeral previsto no ROF.

En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas ao alcalde no artigo 21.3 da LBRL e no artigo 61.3 da LALGa.

3. O/a concelleiro/a delegado/a queda obrigada a informar a esta alcaldesa, a posteriori, da xestión e disposicións que dite e, previamente das decisións de transcendencia, nos términos previstos no artigo 115 do ROF.

4. Delegar de forma indistinta en todo/as o/as concelleiro/as da Corporación municipal as competencias que ao alcalde lle outorga o artigo 51.1 do Código civil para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal, sempre que así sexa solicitado polos interesados.

Esta delegación faculta a todos os concelleiros para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia poida intervir máis dun deles.

5. As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares a outro órgano ou concelleiro/a.

6. Estas delegacións terán efecto dende á data de notificación deste decreto aos concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avogar do alcalde, ao abeiro do artigo 44 do ROF.

No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, o alcalde asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avogar a competencia baseada nesta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste senso.

7. Notificar este decreto aos concelleiro/as afectado/as, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, agás manifestación en contra, se dentro do prazo dos tres días soltos seguintes ao da notificación deste decreto non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

8. Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

9. Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia e na páxina web municipal.

10. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital.

Dou fe

A alcaldesa

A secretaria xeral

María Josefa Pose Rodríguez

Cristina Alonso Losada”

Santa Comba, 2 de xullo de 2021.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

2021/5517